

C-15

Inflamable

Pleno abril, aínda que pola calor asemellábase máis a xuño. As temperatura subían con velocidade. Xa corrían os esquíos tratando de atopar a landra máis succulenta das miñas polas. Pleno abril, e eu xa tiña froitos; nunca antes nos douscentos trinta e seis anos que levo na terra me acontecera isto. Andabamos todas un pouco asustadas.

Mentres trataba de acabar de mudar algunha flor decateime de que hoxe tiña que contar a lenda. Cada venres xuntabámonos ao redor dun claro e pasabamos a noite falando de meigas, bruxaría, espectros e demais misterios que acontecían ao noso redor. Cando o manto escuro parecía envolver o sol, chamei, xirando a parte superior do meu tronco, ás sobreiras e despois aos cedros, aceptaron os castiñeiros e ata os toxos, tras sortear as opcións, accederon. Tíñaos diante miña, a toda a familia, aos meus irmáns de vida, e botando unha ollada rápida vin tamén que cada vez eramos menos, que cada mes que pasaba o número decrecía, fixeime como envellecéramos e os novos xa non o eran tanto. De súpeto da miña mente borrouse a lenda que tiña preparada e un sentimento de rebelión apoderouse de min, inhalei un anaco de aire puro e comecei.

“Todos queremos vivir” dixen con forza, “e todos queremos gozar das cores do mar que cambian segundo os seres mariños, e do lobo ouvear na profundidade do bosque, e os brancos que reflicten unha parte da radiación solar e nos libran do quecemento.” A pesar das miradas de incompreensión seguín falando. *“Recordo, hai moito tempo, os nenos que habitaban nesta serra. Admirábannos, xogaban na nosa casa, sen destruíla, convidábnos a entrar, viviamos en harmonía. Algún de vós o recorda, verdade? Pero estes pícaros levados polo consumismo e a comodidade de mercar e vender materiais baratos e contaminantes son agora os adultos que toman as decisións. Todos queremos vivir, din eles, si, pero logo veñen a queimar a nosa vivenda, nos desafiuzan, cortan as nosas raíces, mutilan os nosos corpos cando somos nós quen lles permitimos respirar e deter ao máximo posible o cambio climático”.*

-Iso é, que pouco agradecidos!- Berraban ao meu redor.

-Egoístas!- Engadían outros.

“Algúns representantes da especie humana que Camus define como a única capaz de destruír o que prefere negan a realidade do suceso. O clima é unha placenta que nos alimenta e protexe, a principal causa de que haxa vida no planeta. Faime graza o feito de que o destrutor da natureza foi creado pola propia natureza. E temos que acabar xa con isto, porque cada día que pasa, cada minuto, cada segundo estamos máis cerca do final. Cada un de nós, familia flora, debe difundir a mensaxe polo noso reino, e que chegue tamén a fauna. Que as laranxeiras llo conten ás laranxas e elas ao can da rapaza da casa vermella, e ese, ao merlo e que ese, ese que viaxe, que cruce os mares antes de que a terra morra, que difunda a mensaxe por novos territorios. Eu coidarei de vós para que, cando xa non estea, outros trinos aniñen nos tímpanos da nai natureza, para que o verde das nosas copas sexa a mensaxe, e para que sexa menos mortal a morte.”

Tras as miñas palabras incendiouse o bosque, pero non por obra dos humanos ou das altas temperaturas, senón que naceu unha chama que habitaba dentro de cada ser vivo, e estas foron unidas ata crear un lume que atoparía a maneira de acabar coa cortiña de fume e cinzas do silencio, e esas cinzas volverían a ser inflamables.